



"As mulleres foron protagonistas de grande parte da resistencia máis activa e lúcida contra o franquismo"

[Montse Dopico](#) 3 de xuño de 2016

<https://praza.gal/cultura/as-mulleres-foron-protagonistas-de-grande-parte-da-resistencia-mais-activa-e-lucida-contra-o-franquismo>

Unha nai con alzheimer que vai perdendo a memoria. E un fillo que tenta recuperar a memoria da súa familia. Sobre esta tensión resólvese a primeira novela do poeta Xosé María Álvarez Cáccamo, *As últimas galerías* (Galaxia). Un relato no que a memoria histórica abrolla debaixo dun enigma familiar.

Aínda que é unha novela -o libro foi presentado como a súa primeira novela- non deixa de ter relación cos libros de memorias *Memoria do poeta* e *Tempo do pai*... Por que?

Si, e o asunto pode levarnos aos debates sobre os límites entre a ficción e a memoria. Eses dous libros que citas e *As últimas galerías* forman como unha triloxía. Non o fixen de xeito consciente, pero é como unha triloxía da memoria na que o peso do ficcional vai aumentando, ata este último libro, que aínda que ten unha ancoraxe na memoria persoal, é ficción.

O punto de partida foron as conversas coa súa nai enferma de alzheimer...

Foron, si, as vivencias con miña nai con alzheimer, antes de que falecese. Eu falaba coa miña nai na vida real. Ela xa falaba pouco. Pero as nosas conversas eran distintas ás que saen na trama do libro.

Din que as emocións son o último que se perde cando falla a memoria coas demencias. No libro, teñen bastante presenza no relato sobre o estado da nai. O desacougo constante que ten, por exemplo, ao imaxinar que deixou sós os seus fillos pequenos. Por que?

Si, as persoas con alzheimer seguen comunicándose a través das emocións cando teñen a memoria xa moi deteriorada, e tentei reflectir ese aspecto no libro. Ademais, é habitual que as mulleres con fillos, ao padecer esta enfermidade, pensen que viven cando os seus fillos eran cativos, e entón teñen ese desacougo polo coidado do fogar, pola alimentación dos fillos... Pasáballe a miña nai, que ás veces pensaba que tiña os nenos na casa e que ela estaba lonxe. Iso si é real, e unha constante nas mulleres con fillos.

A nai vai perdendo a memoria e o fillo vai tentando recuperar a memoria da súa familia. Sobre esa tensión constrúese toda a historia.

Porque fronte á desmemoria xorde un espazo para a revelación, para a resolución do enigma do pasado da familia. O fillo intúe que se trata de algo transcendente, e a partir diso comeza o fio da investigación para descubrir o enigma. Esa dialéctica entre a memoria e a desmemoria, si, é o que desenvolve o libro.

En realidade, pode dicirse que é un libro sobre memoria histórica, sobre a guerra civil e a violencia que esta provocou e amparou. É así?

O fascismo é insaciable. E temos que insistir en que o levantamento fascista non só provocou milleiros de mortos e encarcerados, senón distintas formas de represión que afectaron de xeito especialmente dramático ás mulleres. A morte, o cárcere, a violación... e a vida baixo o xugo dunha absoluta violencia, que adoptaba distintas formas como o control... O acoso que sofre Amalia é unha desas mostras de violencia fascista.

O personaxe falanxista, que é a clásica figura do falanxista violento, hoxe sería un maltratador. Daquela era un maltratador con moito poder. O que lle daba ser falanxista, de familia ben...

Alguén me comentou que o personaxe podía parecer un pouco de cartón. Pero é que ese tipo de personaxe existiu, e ás veces a realidade supera a ficción. O personaxe representa, si, o modelo do fascista clásico. Paco Sampedro fala nun dos seus libros da violencia excedente, a máis depravada, relacionada con esa sede insaciable de violencia da que falabamos. O personaxe hoxe sería un maltratador, si. No seu tempo era un maltratador, un señorito chulo, violador, asasino...

O falanxista é un personaxe de ficción. Pero si cita na novela represores reais, coma Víctor Lis Quibén.

Si, Lis Quibén foi médico, político e etnógrafo. Colaborou coa represión coa súa brigada, que chamaba *Guardia Cívica*. É unha figura real, documentada historicamente. Pero cito outras figuras reais de represores de Vigo que tamén saen nos libros de historia. Niso non inventei nada.

Por que o libro se chama *As últimas galerías*?

O título ten un valor simbólico. Procede dunha conversa real que tiveron con miña nai. Ela dixo que estabamos nas últimas galerías. Naquel momento entendino como unha revelación, un estoupido de lucidez, cun sentido poético. Aínda que creo que foi algo máis prosaico: ela pensaba que estabamos nunhas galerías comerciais. Quedei con esa imaxe e pensei que podería escribir algo... Ao principio ía ser un libro de testemuño, un libro de poemas... e acabou sendo unha novela. Pero tiveron o título antes que o libro.

A historia da familia reconstrúese a través da narración do fillo en primeira persoa, dos diálogos das conversas cos amigos e veciños da nai, das cartas e do diario da nai. Como pensou esta estrutura?

Quería que o enfoque fose o perspectivismo múltiple. Iso permitíame explicar o proceso de indagación do fillo desde distintas perspectivas e darlle variedade ao relato. Creo que tamén é verosímil que unha investigación sobre a historia familiar se faga a través de conversas, diarios, cartas... Por iso ese enfoque poliédrico, de voces múltiples.

Non sei se me convence moito o final.

Díxome máis xente iso tamén. O libro ía ter outro final, pero alguén me dixo que estaría ben que houbera un segundo momento de revelación, ademais do que xa había. O fillo tenta resolver o enigma familiar, sabendo que no fondo ten moito que ver con el. Mais sempre é discutible se o final ten que ser o que é ou podería ser outro....

O libro é, en realidade, a historia de Amalia. Unha muller que se rebela, nun contexto de represión, nunhas circunstancias moi difíciles. E que paga un elevado prezo.

Non é que eu tivese unha intención pedagóxica nin nada así, pero é que cando falamos de represión non podemos esquecer o relato da resistencia. Ao lado da poboación submisa houbo moita xente que exerceu unha resistencia activa e lúcida, e as mulleres foron protagonistas de grande parte desta resistencia. Formo parte dunha asociación de recuperación da memoria histórica, e coñezo casos de moitas destas mulleres resistentes, loitadoras...

Algo máis que queira sinalar?

Se cadra insistir en que é ficción. Non é a historia de miña nai. Porque a quen non coñeza a historia da miña familia pode parecerlle que estou a contar a historia da miña propia familia. E iso lévanos, como dicía ao principio, ao debate sobre os límites entre a ficción e a memoria. Porque ao facer un libro de memorias tamén se está transformando a realidade, e polo tanto facendo ficción. A diferenza pode estar no grao de ficción.

Nas primeiras páxinas si pode parecer a historia real da súa familia. Despois xa non.

Si, porque a novela ten unha base biográfica, nas primeiras páxinas, que despois vai levando á ficción. A historia de Amalia non é a da miña nai.